



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE OUTUBRO DE 2012

#### **LICENZAS**

##### **EDIFICACIÓN**

**LIC/791/2012.- ROSA MARIA FERNANDEZ AMIGO.-** Construcción de vivenda unifamiliar na rúa Canteira de Abaixo, 35.

**LIC/896/2012.- DANIEL LOUZAO VIEITES.-** Construcción de vivenda unifamiliar na rúa do Carballo de Aldrei

**LIC/1952/2010.- JULIO BLANCO GARCÍA.-** Construcción de vivenda unifamiliar na rúa do Pexigo de Abaixo, 3.

##### **OUTRAS OBRAS.-**

**LIC/204/2012.- MARIA TERESA RAVIÑA ROSENDE.-** Rehabilitación de vivenda unifamiliar na Travesía do Lermo, 5.

**LIC/1695/2011.- MARÍA VIEIRO SEGADE.-** Reconstrucción da edificación de San Lázaro, 27.

**LIC/356/2012.- JESUS RAMA REY.-** Ampliación de vivenda unifamiliar existente con construción de porche na rúa de Ponte da Asén, 18.

**LIC/1349/2012.- ESTHER VAZQUEZ CARBIA.-** Transporte de terra e compactación, aporte de grava e compactación na rúa Foxeira.

**LIC/1268/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.-** Obras para a execución de medidas correctoras para atenuar a entrada de radón no edificio do Pazo de Raxoi do Concello.

**LIC/1276/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.-** Obras para instalación de ascensor na rúa de Touro, 12.

##### **OBRA E APERTURA.-**

**LIC/966/2012 E LAP/166/2012.- JOSE MANUEL RODRIGUEZ PENAS.-** Construcción e apertura de nave para exposición e venta de mobles na rúa Polonia,18.

##### **LEGALIZACIÓNS**

**LIC/619//2012.- VALENTIN VIEITO CANEDO.-** Legalización de obras executadas na rúa Casal da Horta, 6.

##### **PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS.-**

**LIC/1100/2012.- JOSE ANTONIO MIRAMONTES CASANOVA.-** Parcelación no lugar de Sabugueira. (+)

**LIC/1034/2012.- LUIS GOMEZ VAZQUEZ.-** Parcelación na rúa de Santa Teresa de Jornet (+).

**LIC/1260/2012.- JESUS IGLESIAS REY.-** Parcelación. (+)

**LIC/1157/2012.- INVERSIONES VIDE SL.-** Parcelación no lugar de Marantes. (+)

**LIC/1144/2012.- EZEQUIEL REY GARCÍA.-** Parcelación na rúa de Santas Mariñas-Castiñeiriño. (+)

##### **CORRECCION DE ERRO**

**LIC/646/2012.- JOSEFINA CARBALLAL LOPEZ.-** Corrección de erro.

##### **PRÓRROGAS**

**LIC/1275/2012.- MARÍA CARMEN FREIRE QUIÑOY.-** Prórroga para construción de vivenda unifamiliar.

**LIC/1323/2012.- PABLO CALDELAS DE LA FUENTE.-** Prórroga para construción de vivenda unifamiliar.

##### **EXECUCIÓN DE SENTENZAS**

**LIC/1307/2010.- RAMON VAZQUEZ MATO.-** Cancelación de aval.

##### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-**

**LIC/1551/2012.- CARRIS HOTELES, SL.-** ..... LIC/1830/2008 ..... 3.000 €.

**LIC/1474/2012.- A CASA DO RESTOLLAL** ..... LIC/351/2011 ..... 1.500 €.

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.**

Rexéitase unha axuda por non cumprir cos requisitos.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da concesión de subvencións dentro da convocatoria de subvencións para as Escolas Deportivas ano 2012.**

A partir da proposta da comisión avaliadora, reunida o 3 de outubro, apróbase a concesión das seguintes subvencións:

- Club Deportivo Compañía de María: 1.036,78 €.
- Club Baloncesto Clunny: 3.060,98 €.
- Adeas CP Apóstolo Santiago: 166,17 €.
- Club Deportivo López Ferreiro: 1.785,61 €.
- Club Deportivo Conxo: 1.705,00 €.
- Sociedade Deportiva Villestro: 700,00 €.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de instalacións deportivas á Federación Galega de Fútbol para a tempada 2012/13.**

Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do Estadio de San Lázaro á Federación Galega de Fútbol para o día 11 de outubro.**

Apróbase a concesión para a celebración da final da Copa da RFEF, fase autonómica. Cédese tamén a explotación dos espazos destinados a cantinas así coma a instalación de publicidade por parte da Federación e clubs finalistas.

**8.- Propostas da alcaldía relativas á aprobación de diversos convenios.**

A proposta da Alcaldía a XGL tivo a ben aprobar os seguintes Convenios polos importes que se detallan a continuación:

- Convenio coa Asociación do Traxe Galego para o ano 2012: 4.250 €.
- Convenio coa Asociación Cultural Cidade Vella para o ano 2012: 10.200 €.
- Convenio coa Asociación Económica de Amigos do País: 6.000 €.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa a aprobación da xustificación da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.**

Apróbase a xustificación da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística por un importe de 11.147 €.

**10.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación das Obras de pavimentación, mantemento e outras actuacións no SECTOR 33 - CASTIÑEIRIÑO.**

Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación das Obras de pavimentación, mantemento e outras actuacións no SECTOR 33 – CASTIÑEIRIÑO por un importe de 102.307,96 €.

**11.- Corrección de erros no punto nº 27 da sesión de data 27.09.2012.**

Apróbanse as correccións.

**12.- Propostas da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación de diversos convenios.**

A XGL tivo a ben aprobar a concesión das seguintes subvencións nominativas:

- Asociación Galega para a asistencia e investigación dos Trastornos da Personalidade TP – Galicia: 2.000 €.
- Asociación Fonte da Virxe de familiares e amigos dos enfermos mentais: 3.500 €.
- Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia de A Coruña: 3.000 €.
- Asociación Banco de Alimentos Rías Altas: 10.000 €.
- Federación de Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade mental de Galicia FAFES-GALICIA: 2.700 €.
- Asociación Voluntarias de la Caridad de San Vicente de Paul: 4.600 €.
- Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA: 2.000 €.
- Escola de Tempo libre Animación Sociocultural Don Bosco: 2.000 €.
- Asociación Síndrome de Down Compostela: 10.000 €.
- Asociación Compostelana de Esclerose Múltiple: 2.700 €.
- Fundación Secretariado Gitano: 20.000 €.
- Colexio de Avogados: 4.000 euros.
- Asociación de Espina Bífida e Lesionados Medulares: 2.000 €.
- Universidade de Santiago de Compostela (Programa ruptura de parella, non de familia, 51.000 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta do importe devengado polo concello no 2º trimestre do ano 2012 polo servizo de axuda no Fogar.**

Dáse conta do importe devengado polo concello no 2º trimestre do ano 2012 polo servizo de axuda no Fogar por un importe de 50.990,77 €.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche durante o ano 2012.**

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche durante o ano 2012 cunha achega da Deputación de 144.000 € para 3 uxieres, 2 animadores socioculturais e un auxiliar administrativo, así como mantemento e subministros.

**15 a 34.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

**35.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á desconsignación parcial da parcela 27 do Proxecto de expropiación polígono SUNP-5. A Muiña.**

Apróbase a proposta.

**36.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á desconsignación e pago parcela 353 do Proxecto de expropiación para conexións exteriores do equipamento administrativo de San Lázaro.**

Apróbase a proposta.

**37.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación do Proxecto reformulado da reurbanización da Rúa Virxe Branca.**

Apróbase a proposta.

**38.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación da Memoria valorada sobre as obras de mantemento e conservación no Polígono Empresarial do Tambre.**

Apróbase a memoria valorada sobre as obras de mantemento e conservación no Polígono Empresarial do Tambre por un importe de 117.858,46 €.

**39.- Dar conta da formalización da acta de entrega das obras comprendidas no Proxecto REFORMADO DO DO ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA C.P. - 7806 rampa ao Avio (SANTIAGO).**

Dáse conta.

**40.- Dar conta da sustración de material acaecida nas dependencias da concellaría de Educación ubicadas no anexo do colexio público Santiago Apóstol.**

Dáse conta.

## URXENCIAS

1.- Acórdase autorizar a cesión das instalacións deportivas municipais á Federación Galega de Baloncesto.

2.- Apróbase o convenio coa Asociación de Escritores en Lingua Galega por importe de 3.000 euros.

3.- Apróbase e licítanse as obras dentro da partida de Barrios para San Lourenzo (40.000 euros), Choupana (30.000 euros) e Conxo (57.000 euros).

4.- Iníciase o trámite de recepción das obras das rotondas de Rodríguez de Viguri e Camiño Francés.

5.- Iníciase o expediente para a contratación do mantemento das instalacións da calefacción do Concello por 27.000 euros máis IVE.